

A poesía: realidade absoluta e compromiso social (Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro)

María del Carmen NOVOA

*Dedicamos este traballo a Celso Emilio,
no vixésimo quinto aniversario do seu pasamento*

A poesía como realidade absoluta (expresión de vivencias íntimas por medio da beleza da lingua) é un fenómeno da natureza do home, filla da experiencia, de tal acto que, a sociedade, a política, a liberdade son valores tan humanos como o amor, a esperanza, a anguria e outras motivacións do labor poético; non se trata de valor estético, senón de algo dinámico que se conforma e se transforma segundo un agora e un aquí determinantes. O arquetipo do poeta «puro» sen fervor antropolóxico non se encontra nin en San Juan de la Cruz (el crea unha poesía) «engagée»; canta aquilo no que cre postulando una ideoloxía persoal, por conseguinte, a dimensión da poesía áchase dentro da persoa (home/muller) para dicir a máis prezada realidade humana na linguaxe.

Dentro desta realidade artística, desenvólvese a actividade estético-creativa dos poetas deste epígrafe: ambos os dous mostran unha declaración de compromiso co pobo:

Curros Enríquez nun pulo de rebeldía, denuncia en *Aires da miña terra* as situacións represivas imperantes; nesta obra, que foi vítima dos embates escurantistas nos eidos universitarios e xornalísticos da época, a covardía, a insolidaridade, a agresión..., traducíanse en ofensas persoais ao autor, mais, iso si, disfrazadas de fondo sentido literario; condénase ao escritor por ser escravo das ideas do seu tempo, actitude que o obrigaría a se manter lonxe da verdadeira misión da poesía civil na Galiza.

Se por unha banda Curros é aldraxado polos seus paisanos de Cuba; o poema «A espiña» que o Vate le na cidade da Habana en 1903 alude a aqueles galegos para os cales: «a orde moral é un negocio/a cobiza un sacerdocio/ e o mellor Deus o diñeiro»; daquela, ningún intelectual ousou afirmar que o poeta fería coas súas rexas palabras aos galegos residentes na illa caribeña naquela altura.

Esa composición pode, a todas luces, ser considerada, a clave das reaccións do carácter de Curros. El refírese á Galiza nazarina, analfabeta, que cospe sobre a súa historia.

Pola outra banda, Celso Emilio Ferreiro é rexeitado polos galegos enriquecidos en Venezuela, alporizados ao escoitar as verdades que di o poeta. Se en Curros latexa unha alma desenganada, Celso Emilio transforma as aldraxes en pedra de escándalo: devolve os insultos aos insultadores. Situacións coincidentes nos dous escritores ourensáns, malia a distancia xeo-cronolóxica.

70 anos após a «A espiña», Celso Emilio Ferreiro publica «Viaxe ao país dos ananos» onde, de igual xeito que Curros e por razóns semellantes, pon a pan pedir os caciques da emigración, os logreiros da colectividade galaica, os estafadores do emigrante indefenso (todos ao servizo da Embaixada franquista) polo que algúns intelectuais reaccionarán afirmando que o poeta era un réprobo, un mal galego, gavándose da súa ousadía, da ofensa grave aos emigrantes.

Tal diferenza de actitude entre aqueles e estes intelectuais podería moi ben ser materia de estudo psicolóxico, no que cumpriría considerar a acusada presenza do «badueirismo» (cf.. C. E. Ferreiro) na conduta de certos galegos dos nosos días, como puido detectar con abraio, Celso Emilio á súa volta da América. Así se pronuncia ao respecto:

o “bantua” do que eu falo, semellase ao de “badaud” francés. Que non é somentes un despotricador, que fala arreo e sen tino, senón tamén un papón capaz de abraiar con calquera cousa principalmente consigo mesmo; un frívolo con alardes de patrioteiro parroquial.

O poema «A espiña» como cantiga de «escarnio e maldizer» atinxe un dos cumios máis altos na obra do seu autor (agás o «Divino Sainete»). Curros increpa aos seus detractores que o reciben, á súa chegada a Cuba, con gaitas e bandeiras, imaxinando que se sumaría ao bando deles,

pagándolle cun bo xornal a súa moita complicidade: «Deses con alma de can/ que coidan co a súa insolencia/ que se merca unha concencia/ por catro codias de pan».

Ao comprobar que o poeta é insubornábel, víranse ferozmente na súa contra, recorrendo á maledicencia, ao desprezo, ao insulto; alcúmano de «Bambi» (degradante, semellante a «roxo» na incivil posguerra triunfal) (cf.. C. E. Ferreiro) . Deféndese Curros nestes versos: «Deses para quen fun “bambi”/ cando era máis español/ encheron cos mambis o fol/ ida xa a España deiqui/ Deses entre quen semeei/ semente de paz e amor/ pra coller un desamor/ por cada gran que ceibei».

Esas non son palabras dun resentido; é o pranto da súa espiritualidade desenganada. Nas súas frases non existe rancor, só tristura; tiña sofrido e confesábo: «Deses que de raiba cheos/ da porta me despediron/ e abríronma cando viron/ que ma abrían os alleos. Deses que na época vella/ dixeron de min horrores/ en papeis de dúas cores/ alaraxada e vermella».

Comenta asemade no *Diario de la marina*, onde exerce de xornalista: «Nada tan antiespañol, ni tan brutal como esa política feroz que aquí imponían los hombres menos cultos e ilustrados de la colonia». E en carta a G. Salinas, encol da *Espiña*, coméntalle: «a Espiña levábaa dentro e saqueina diante do público», os aludidos bramaban porque lle collín o rostro e dinlle labazadas a oito. Non debía medirme con eles pero debo previrme contra a calaña e xustificar o meu desprezo para esa Galicia».

Os dous escritores celanoveses senten análogas inxerencias en favor dos avances sociais. Curros ve no progreso técnico (poema á chegada da locomotora a Ourense feito que non tiña atinxido a desmesura que provocaría un século máis tarde o clamor de protesta do autor dos «antipoemas».

A defensa da liberdade, desde posicións antifascistas, tinxida de tons galaicos concretízasea Celso Emilio Ferreiro en sectores ambientais determinantes (campesiños). Referencias dabondo detéctanse en *Longa noite de pedra*, libro emblemático, especie de proclama socialista. En *No país dos ananos*, o seu autor procura as raíces do seu pobo; dá unha resposta crítica e amarga aos galegos desleigados, inmersos apenas no lucro económico; atitude que documéntanos no libro de Neira Vilas: *Castelao en Cuba* (Ed., do Castro, 1986) a propósito de certos elementos da emigración na Cuba anterior á revolución castrista.

O cantor amante descobre desilusionado que a Galiza da diáspora nunca existiu (agás en gru-

púsculos integrados por galegos que loitan por manter ergueita a bandeira da galegitude). Perante ese mundo insólito, Celso Emilio, fai unha afortunada literatura de denuncia cívico-social: «a Galicia emigrada que eu procuraba/ somentes é un pozo de residuos/ corte de ovellas resignadas».

Os pobos que teñen conciencia de si mesmos non emigran: para Celso Emilio Ferreiro o debut de Castelao encol do tema, contén un duro reproche. O discurso do poeta traduce un estado anímico que enlaza un pasado individual e colectivo, no que agroman a saudade de nenez, da mocidade frustrada pola guerra «incivil».

Curros, á súa vez, garda o ideal do cidadán honesto, librepensador, xacobino, cuxa misión política inspírase na concepción romántica, de ideoloxía progresista, na liña de Augusto Comte, nela participa o misticismo panteísta de Víctor Hugo e Guerra Junqueiro. Curros combate a teocracia, porque o seu reino é deste mundo. Cre no papel do poeta como «guieiro do pobo».

Celso Emilio sente a necesidade dunha transformación social, até atinxir un benestar material «consciente» denunciando, en consecuencia, as desvantaxes do culto idolatrado ao diñeiro, o fari-seísmo, co consabido deterioro humanístico e humano.

E como contrapunto a estes postulados de poesía comprometida, os dous poetas presentan un segundo aspecto que completa e define esa dupla personalidade fecunda e profunda.

Curros autor desa marabilla (*O divino sainete*) engade á súa face creativa un ledicioso poema lírico: «A virxe de cristal» non fai máis que recoller unha tradición relixiosa popular. Quen desexe coñecerla de peito (dinos) que veña a Vilanova (dos Infantes). Neste pío e inxenuo relato o autor olla retrospectivamente deica as súas lembranzas infantís; a fermosa lenda da Virxe das montañas mostra nídias alusións e vivencias do poeta; a novidade estriba en que é a primeira, no seu xénero, escrita en idioma galego.

O escritor xustifica, desta maneira, as inxustas acusacións que outrora lle facían: «doce anos lonxe do meu fogar» (laiase conmovido). Cumprían esforzos de memoria, alardes de estilo para compor na lingua enxebre a sinxeleza das nosas xentes. De conviccións firmes (sen ataduras relixiosas) embarcou nunha empresa non por sinxela, menos meritória. Lembramos, este episodio, o desafío de E.2. ao escribir *Le Rève*. E evidente que o autor de talento sabe transfigurar as realidades concretas, en sentimentos puros, en verdadeiras obras de arte.

Celso Emilio Ferreiro, nos seus libros *Onde o mundo se chama Celanova* e *O sonho sulagado*, preséntanos unha poesía da saudade (na súa máis pura esencia) onde agroman a evocación perenne da infancia perdida, dentro dunha fonda anguria existencial. Non se trata de lendas populares, son berros de contido metafísico, anunciadores do excelso poeta que acada, nestas obras o máximo nivel do seu acentuado lirismo.

Os dous Vates de Celanova cumpren aquilo que pregou Rilke: «A patria do poeta é a súa infancia». Conscientes dos intereses materiais, conscientes do seu labor cívico-creativo, achegan, desde unha óptica social, o microcosmos íntimo de resonancias paisaxísticas e evocacións familiares, aunando realismos, elegancia estética e capacidade para expresarse no máis refinado estilo, en voz do pobo.